Declaración institucional da Deputación da Coruña co gallo do día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres de 2024

Conmemoramos o Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres co recente asasinato dunha muller a mans da súa exparella en Baiona. Condenamos este novo crime e manifestamos o noso apoio e solidariedade á familia e ás persoas achegadas da vítima.

Somos conscientes da violencia que aínda sofren as mulleres polo feito de selo e traballamos para conseguir que deixe de ser estrutural na nosa sociedade. Reafirmamos o noso compromiso para poñer fin á violencia contra as mulleres: é un obxectivo irrenunciábel e prioritario.

Como parte activa da nosa sociedade compartimos ese compromiso, como parte do esforzo colectivo imprescindíbel para transformar as estruturas que manteñen o machismo e a desigualdade. Amosamos a nosa preocupación polos crecentes discursos e accións negacionistas que confrontamos coa acción institucional da Deputación da Coruña, levando a todos os recunchos da provincia actividades, formación e campañas que precisamente consisten en concienciar sobre a existencia da violencia machista mais tamén en denunciar todas as formas que esta ten. Desgrazadamente, a pesar dos avances, é evidente o moito que queda aínda por facer.

Cómpre reforzar a condena da violencia machista en todas as súas manifestacións e o traballo colectivo na construción dun presente no que ningunha muller sexa vítima desta violencia desde o compromiso activo con remate con esas actitudes patriarcais.

Desde 2003, máis de 1200 mulleres foron asasinadas por homes a mans das súas parellas ou exparellas. No que vai de 2024, foron asasinadas 41 mulleres e presentáronse máis de 95.000 denuncias por violencia machista. Unha sociedade democrática e de dereito debe ser incompatíbel cunha situación de criminalidade constante contra as mulleres.

Desde a Deputación da Coruña reclamamos máis coordinación entre as administracións para que as mulleres vítimas reciban a atención e apoio integral, especializado e que cubra todas as súas necesidades desde servizos 100% públicos.

Hoxe, ademais, cómpre lembrar que a violencia machista non é só o acoso, as agresións físicas ou os asasinatos. Tamén é a violencia económica que priva as mulleres da súa independencia económica ao ter que depender de quen as maltrata; a violencia vicaria pola que os fillos e as fillas tamén son vítimas e obxectivos para facerlles dano ás nais; a violencia dixital das ameazas, acoso e chantaxe na contorna virtual; a violencia sexual, desde a prostitución á pornografía, pasando pola cousificación das mulleres, as condutas violentas nas relacións sexuais ou a submisión química, entre outras.

Nesta data en que se reclama internacionalmente a eliminación da violencia contra as mulleres, debemos lembrar tamén a situación na que están as mulleres de países en situacións de regresión cultural e social, nos que son privadas dos seus dereitos e liberdades fundamentais. É o caso de Afganistán, onde as mulleres están recluídas nas súas casas, sen acceso á educación, ao traballo nin a ningunha relación social. Tamén temos que lembrar hoxe que nas zonas de conflito armado as mulleres son obxecto de abusos, violacións e escravitude sexual con total impunidade. Erguemos tamén a nosa voz para denunciar estas situacións e reclamar que se cumpran os dereitos humanos máis fundamentais.

Facemos, así mesmo, un chamamento para que se denuncien todas as formas de violencia contra as mulleres. Non pode haber máis silencios cómplices. Xa é tempo de que a vergoña cambie de bando.

Todas as administracións temos que seguir a promover avances na loita contra a violencia machista e a protección das vítimas, incidindo na prevención.